

## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

O 12/07/2023 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no Anexo I e no Anexo II da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

### DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e facer pública no Anexo I e no Anexo II da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 12/07/2023.

**SEGUNDO.-** A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adxudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico ([servicio.persoal.xustiza@xunta.gal](mailto:servicio.persoal.xustiza@xunta.gal)) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

**TERCEIRO.-** O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

**CUARTO.-** Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





## ANEXO I

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Decanato. Servizo de Notificacións e Embargos A Coruña</b>		
Motivo da desocupación:	Liberación sindical	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	María Yolanda López López		
Localidade de destino:	A Coruña	Corpo:	CTPA
Data:	21/07/2023		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 2 Mondoñedo</b>		
Motivo da desocupación:	Excedencia	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Mª del Pilar Rodríguez Fernández		
Localidade de destino:	Mondoñedo	Corpo:	CTPA
Data:	21/07/2023		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 2 Viveiro</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Laura Fernández Vidal		
Localidade de destino:	Viveiro	Corpo:	CAX
Data:	21/07/2023		





## ANEXO II

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Fiscalía Superior da C.A. de Galicia</b>
Posto	Coordinador/a da Oficina de Fiscalía III
Corpo de adscrición	Xestión procesual e administrativa
Motivo da desocupación	Licenza por enfermidade
<b>Adxudicatario/a:</b>	<b>Sen peticións</b>

